

Resolución do 16 de maio, do tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo), pola que se da publicidade a diversos acordos

En sesións que tiveron lugar o 13, 14 e 16 de maio de 2022 o Tribunal designado pola Resolución do 11 de abril de 2022 (DOG núm. 73 do 18 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 (DOG núm. 53 do 17 de marzo)

ACORDOU

Primeiro. O día 11 de maio de 2022 tivo lugar o segundo exercicio (proba de coñecementos, tipo test) e o terceiro exercicio (coñecemento da lingua galega) do proceso selectivo, e rematados estes, publicáronse os dous enunciados e a folia de respostas consideradas correctas nas preguntas do primeiro exercicio. Douse un prazo de dous días (12 e 13 de maio) para presentar alegacións por parte das persoas aspirantes.

Transcorrido o prazo anterior e recibidas as alegacións e reclamacións, reúnese o tribunal para a súa valoración.

Durante o desenvolvemento do segundo exercicio o Tribunal acordou anular a pregunta número 35, que foi substituída pola primeira pregunta de reserva, numerada no enunciado co número 51. Este feito foi comunicado ás persoas aspirantes no desenvolvemento do segundo exercicio.

O tribunal acorda anular as preguntas números 46, 47, 48 e 49 do segundo exercicio do proceso, pasando a ocupar o seu posto as preguntas de reserva 2, 3, 4 e 5 numeradas como 52, 53, 54 e 55.

Desestimar na súa totalidade o resto de reclamacións e alegacións presentadas e proceder á corrección dos exames do segundo exercicio.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, acórdase publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo I a esta resolución, a listaxe das persoas aspirantes coas cualificacións obtidas no segundo exercicio por orde decrecente de puntuación.

As persoas aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminadas por non presentarse ao exercicio.

Segundo. Publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo II a esta resolución, a listaxe das persoas aspirantes convocadas á realización do terceiro exercicio, que superaron o segundo exercicio e declaradas aptas na proba de coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes que non figuran nesta listaxe quedan eliminadas por non presentarse ao exercicio.

Terceiro. De acordo co establecido nas bases da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas a súa cualificación, no prazo de dous días que se contarán dende a publicación desta resolución. Para a presentación das alegacións deben terse en conta os seguintes aspectos:



a)As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

b)Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, **deberá remitirse** unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal antes das 23:59 do 19 de maio de 2022.

c)Cando as alegacións se refiran a disconformidades coa cualificación outorgada **deberase indicar** claramente as preguntas **concretas** que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.

En A Estrada, 16 de maio de 2022
A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

